Respecto al Sr.Fernández, que hablaba de que en la Barbeira hay alguna seta, decirle que algunas setas son alucinógenas, hoy desapareció la seta y no sabemos quien la habrá preparado, no sabemos quien está alucinando. Pero usted no alucinaba cuando decía, y creo que es lo más coherente que ha dicho hoy, que este es el documento más importante del Ayuntamiento en todo el año; sí, tiene razón; pero lo que no tiene razón es cuando yo antes dije que teníamos que arrimar todos el hombro, creo que este borrador de presupuesto se le presentó hace 10 días, y lo que le pedí antes, lo que dije antes, es que le pedíamos colaboración y diálogo, creo que hubo 2 reuniones y en ninguna aportaron nada, ni ustedes ni el PSOE; la Comisión Informativa, hace breves días, duró 5 minutos; hoy estamos en Pleno, en el que a veces se realiza una actuación teatral, y durará 2 o 3 horas; nos hubiera gustado que hubieran aportado alguna iniciativas de todas estas que hoy constatan aquí.

Con respecto a la financiación, ustedes hablan de que tenemos una deuda pequeña, eso está muy bien; yo recuerdo que cuando empezamos a gobernar la deuda era del 34 ó 35%, y ahora estamos sobre el 17%, y claro que nos podemos empeñar más. Creemos que tenemos que ser cautos, ya en su momento hablabamos de que iba a haber crisis y ustedes decían que eso era alarmismo, le decían al Alcalde que era muy alarmista, y desgraciadamente y según todos los informes esta crisis va a durar; aún no sé si hemos llegado a lo peor; entonces nosotros vamos a ser más cautos y seguiremos con financiaciones en posteriores presupuestos.

Usted también comentaba de inversiones en parroquias; creo que decía que no se habían visto las inversiones en las parroquias; voy a citarle simplemente algunas: inversión en espejos y señales de las vías públicas de todo el Municipio, instalación de aspersores Colegio Fontes, puertas y ventanas Colegio Infantil Sabaris, Fontes, Burgo, parque infantil en colegio de Belesar, inversión en máquinas desbrozadoras; inversión en reposición de alumbrado en La Granja; inversión en medio ambiente en contenedores (creo yo que también hay contenedores en las parroquias), a lo mejor debería haber más, pero hay; inversión en iluminación navideña en parroquias, casualmente; cierre tejado en Plaza Abastos de Sabaris (creo que Sabaris también es una parroquia). Con todo esto quiero decir que este gobierno no descuida en absoluto las parroquias; es una pena que en la prensa saliese hoy una foto con un vertido en un parque infantil de una parroquia.

Con respecto a lo que comentaban del personal, en comparación con años pasados estas cifras de este año son mucho más altas (del personal funcionariado) con un incremento legal del 3%. No sé si fué usted ó el Sr.Estévez quien comentó que la comida de la 3ª Edad tenía un importe mucho mayor, tengo que decir que el año pasado la partida era de 38.000 euros y este año es de 35.000. Sobre el tema de las multas este cálculo que se ha hecho disminuye porque no solo incluye lo que son las multas de tráfico sino también las de expedientes de reposición urbanística.

Por otro lado decir que aquí se aprobó por unanimidad una propuesta que habíamos hecho de "Adopción de medidas de aforro e austeridade do gasto público nas Corporacións Locais", fue un acuerdo de proyecto para los orzamentos de este año 2009 y creo que se cumplió todo en este Presupuesto; primero: congelación de los sueldos de los cargos públicos, Alcalde, concelleiros e asesores, así como de las dietas; reducción de los gastos de protocolo y representación, elaboración de un plan de ajuste del gasto corriente (que se cuenta que sea un 10% de ahorro), presupuestación de los ingresos bajo los criterios de máximo rigor y prudencia, se ha cumplido; revisión de la necesidad y oportunidad de las líneas de subvención previstas y no se recularán en ningún caso las partidas orzamentarias destinadas a atender gastos sociales básicos. La partida social es exactamente la misma que el año pasado, si baja es porque antes incluía la cuantía del Centro de Día.

**SR.ESTEVEZ, PSOE.-** No se si seré positivo o no; pero el grupo municipal socialista ya anticipó y adelantó en Plenos anteriores que en este año 2009 no va a ser el que ponga cortapisas ó limitaciones a un Presupuesto municipal ni en Baiona ni en ningún sitio de España, como así hemos anunciado y como hemos anticipado; realmente creemos que los presupuestos municipales deben aprobarse cuanto antes para que reflejen verdaderamente la situación real de la economía en cada ciudad y cada pueblo; por tanto nosotros no vamos a oponernos a este presupuesto y si ya anuncio y anticipo nuestro voto de abstención.



**EXCMO. CONCELO**

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

Antes hablé de que este Presupuesto se puede calificar con muchos adjetivos: realista, austero, pesimista, etc., pero lo que no era era social y educativo que era el objetivo que nosotros sí creemos que debía tener este presupuesto.

Por alusiones, Sr. Manolo Vilar; decía usted que la estrella del presupuesto es la futura piscina de Los Tendales; el presupuesto recoge una dotación de 18.000 euros para un estudio de viabilidad; si esto es la estrella del presupuesto, mal rollo.

Respecto a lo que dijo del precio de coste que usted paga a sus proveedores, decirle que no lo pague tan a precio de coste no vaya a ser que hunda a las empresas; si no ganan dinero después la armamos en Baiona.

Y claro que aprueban el presupuesto cuando quieren, claro que sí; pero no cuando deben, creo yo; nosotros lo reclamamos con mucha más anticipación.

Antes hablamos de que no es un presupuesto social y educativo; entendemos que no; ustedes, y yo lo decía antes, en el presupuesto del 2007 hablan de una situación de bonanza económica tremenda, hablaban de ingresos de 7.200.000 euros, y ahora en una situación de crisis absoluta resulta que estamos en términos similares, en 2009, por lo tanto algo falla.

No es un presupuesto social que atienda a los tres objetivos fundamentales que deba tener una Administración Pública en estos momentos: la atención a la pequeña y mediana empresa, con el cumplimiento lo antes posible de esos pagos por una Administración Pública; la creación de empleo, obviamente es fundamental la creación de empleo, y desde la Administración también; y la cobertura y la ayuda social en estas épocas, ayuda a la familia; creo que estos deben ser los 3 ejes fundamentales de la política económica de un Ayuntamiento en estos momentos.

No es un presupuesto social, ni mucho menos; es decir, en dotación de emergencia de social ustedes le dotan el 0,1% del presupuesto; los servicios de ayuda a domicilio disminuyen, de 65.000 a 62.000; los servicios sociales suben, en término cuantitativos, 2.888 euros, quitando el Centro de Día; sin embargo en Deportes sube 14.000 euros, es cuatro veces más; la partida de órganos de Gobierno, la función 11, supone el 7% del Presupuesto; los servicios sociales el 4%; es decir, no es un presupuesto social, ni educativo como se decía en la memoria; no cumple los objetivos de las dos situaciones actuales que existen en la economía.

Sobre la falta de colaboración y participación, mire, nosotros desde el grupo municipal les vamos a proponer que quizá en futuros Plenos se pueda tener en cuenta una modificación presupuestaria; creemos que en épocas de absoluto crecimiento económico obviamente el endeudamiento no tiene sentido pero en momentos de dificultad económica el endeudamiento es cuando más sentido tiene; lógicamente tiene que ser la Administración la que forme y haga el apoyo suficiente a los ciudadanos; cualquier Administración Pública; y claro que tiene que ser en momento de endeudamiento para recuperar en momentos de crecimiento económico, es lógico y de sentido común.

Por ello, desde el grupo municipal socialista, contestando a esa reclamación de colaboración y participación, le queremos plantear que en futuros Plenos se haga una modificación presupuestaria de 350.000 euros, crear esa dotación, que se puede financiar de 2 formas: una, un 16% con la disminución de la función 11 llamada órganos de Gobierno, donde también está incluida las asignaciones a los grupos políticos, para que vean que arriman el hombro, como ustedes dicen; y un 84% con una operación de crédito; operación de crédito que le supone al Concello de Baiona en gasto financiero escasamente 1.000 euros al mes. Con eso podemos cumplir dos objetivos, en primer lugar la creación de empleo; creación de empleo de desempleado con cargas familiares del sector de la construcción, podemos llegar a cubrir hasta 26 desempleado durante periodos de 6 meses; con 2 objetivos: obras, obviamente, inversiones del Concello de Baiona, por ejemplo: la humanización de Sabarís; creo que ya tenemos las ideas muy claras, al menos en la fase I y fase III de Sabarís, donde sí que todos los grupos políticos hemos coincidido; ó bien en la humanización de Carabela Pinta. Y aparte esas inversiones podían estar absolutamente complementadas con el previsible Fondo de Inversión Local del 2010, igual que ha habido en el 2009 por importe de 2.100.000 euros. Un segundo objetivo que se cumpliría sería la cobertura, la ayuda, el subsidio, la forma que se pueda reglamentar sin invadir competencias, que se puedan complementar, para la familia baionesa, la familia sin cobertura, así podemos considerar que podría haber hasta 80 familias cubiertas. Esta es la propuesta de participación y colaboración que nosotros planteamos para este futuro inmediato y que se podría aplicar en este año 2009; su endeudamiento seguiría siendo mínimo y seguiría siendo, como



EXCMO. CONCELLO

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

ustedes dicen “de los mejores Concellos de la Provincia, e incluso de España”, “estamos lejísimos del endeudamiento por habitante de la media estatal”; y creemos que este Presupuesto es el presupuesto de poner la carne en el asador y de poder llevar a cabo acciones sociales, yo creo que sí, y tiene que ser así, y creo que están a tiempo de poder llevarlo a cabo. El presupuesto que ustedes plantean es un presupuesto de gestión, pero no es social ni educativo, y sí que hemos reconocido y sí que he planteado yo al principio aciertos y mejoras en las diferentes ejecuciones presupuestarias que ustedes han hecho; y sobre nuestro compromiso de responsabilidad decir que nosotros nos hemos opuesto duramente al presupuesto de 2007 y al de 2008, sin embargo ahora nos vamos a abstener, por ese compromiso de responsabilidad, pero buscamos y reclamamos del gobierno municipal un mayor esfuerzo en cobertura y ayuda, porque es quien tiene que hacerlo, igual que las demás Administraciones Públicas; muchas gracias.

**SR.FERNANDEZ, BNG.**- Por parte do BNG insistimos en que nos parece un Orzamento continuista e polo tanto insuficiente, e a proba delo foron as intervencións que fixeron os portavoces do goberno.

Falaba o Sr.Vilar, para xustificar a tardanza deste orzamento, basándose na crisis, e que visto o de arredor, claro “no mundo dos cegos, o chosco é o Rei”; para vostede iso vale, para nós non.

Dí tamén que rebaixaron os impostos para axuda á economía dos baioneses e baionesas e eu lle quero recordar, porque debeu ter un lapsus mental, que fai cuestión de 2 ou 3 meses subíronlos todos; e subiron non só o IPC deste ano senón o IPC acumulado de varios anos; ¿se acorda cando lle dixen eu que non había que subir os importos?, tomou nota, pero tarde; tamén dí e presume de que estamos na lista da Xunta dos Concellos menos endebedados; mire, na prensa do domingo 19.4.09 o Sr.Alcalde ven no ranking no tercer posto dos salarios máis altos da provincia de Pontevedra, aquí o ten; é o terceiro; claro ¿con este soldo non se vai a conxelar o soldo?, ¿e qué?, ¿qué pasa?, non pasa nada; o problema é cando se lle conxela a quen gaña 550 euros.

Eu non aprobei ese soldo, Sr.Alcalde, o aprobou o PP con maioría absoluta; o BNG non llo puxo; de todas formas xa lle teño dito que non lle envexo o soldo que gaña, non, porque o Alcalde ten 24 horas os 365 días ó ano de adicación, se fai as cousas como ten que facélas, evidentemente.

Tamén dixó o Sr.Vilar, non sei se foi outro lapsus, que está pactada cos traballadores a RPT, eu tiña entendido que aínda non a recibiran; non sei se foi un desliz que tivo ou hai algo que deberamos saber e non sabemos, ao mellor é iso, pero as últimas noticias que temos nós é que a RPT aínda non está no Concello, polo tanto era bó que explicara iso.

“Que temos o Concello mellor iluminado de toda a Provincia”; xa lle teño dito: que teñen posto lámparas onde non hai nin casas nin circulación de veciños; e despois se queren falamos de onde están e porque motivo foron colocadas; para pagar caprichos a señores polos favores políticos; están iluminando as berzas, iso é o que están facendo: despilfarrando, como levan facendo durante estes 4 anos, despilfarrando diñeiro público.

Dí tamén que van a apagar o alumeadado que non se necesita, pois empezen por ahí, porque ese polo menos non o necesita ninguén.

Tamén falou de que fixeron todo moi transparente en canto ó Fondo estatal de inversión e nomeou unha serie de obras que foron á mesa de contratación e que pasaron tódolos requisitos legais, evidentemente teñen que pasar eses requisitos porque senón sería unha ilegalidade; pero a senda fluvial foi concedida por procedemento negociado, e lle volvo a repetir: houbo empresas deste Concello onde os traballadores son todos veciños e veciñas deste Concello que se querían presentar a este procedemento e vostedes non llo autorizaron, non llo consentiron; non estiveron pola labor.

Falou tamén da obra que se está facendo en Lorenzo de la Carrera, e me alegro que o nomeara porque xa se me ía esquecer, e decírlle Sr.Vilar que tódalas obras teñen un plan de seguridade, e que a obra de Lorenzo de la Carrera está infrinxindo a lexislación vixente no respecto á seguridade, e vai haber probablemente un accidente e se vai lastimar algunha persoa, ou un neno, e despois vostede terá que ir ó Xulgado a dar explicacións, e o peor de todo é que ó final quen paga é “Juan Pueblo”: as arcas municipais. Eu lle pediría que tomara nota e que extremara as medidas de seguridade e de accesibilidade á zona de obras que agora mesmo non se están tomando; en calquer momento hai un accidente e vostede, e o Alcalde, serán os responsables. Tome note e aplíquese o conto.

Tamén falou da “piscina, estrela” e aínda por riba presume de que a nova Xunta xa lle deu permiso, pois empezamos ben; ¿dí que foi a anterior?, pois moi mal dado, llo podo asegurar, porque na parcela



## EXCMO. CONCELLO

DE

## BAIONA

(PONTEVEDRA)

dos Tendais estaba establecido facer vivendas sociais, era para iso; non era para auditorios, nin para piscinas, nin para ningunha outra historia; vivendas sociais; e quen lle dera o permiso, fora esta Xunta, ou a anterior, moi mal; moi mal por parte de quen lle deu o permiso; e non sei quen foi, pero me da igual; dende o BNG de Baiona estamos en contra de iso; esa parcela era para vivendas sociais e a Xunta de Galiza sainte quixo facélas e vostedes llo impediron.

Tamén dí que vai a ter todo a mán; claro; de iso se trata: Manolo Vilar quer ter todo a mán; ata as Parroquias "teñen alí parada de autobús", total, se soamente teñen que coller o autobús; "todo a mán", esa é a filosofía errónea do PP dende que está gobernando: que quere ter todo a mán en Baiona e ás Parroquias as olvida, ese é o gran problema, aínda que o Sr.Rodal diga outra cousa e que tamén as máquinas de desbrozar son para as parroquias (e para Baiona tamén); se pómos nunha balanza todo o que se invirte no casco de Baiona e todo o que se invirte nas Parroquias pois vemos o resultado; cando vemos nesa balanza, no Plan de Inversións, as cantidades que se adxudican a Baiona e as que se adxudican ao resto do Concello podemos ver a realidade; para as Parroquias partidas de 550 euros, e pola contra, para o casco histórico de Baiona e para outras obras cantidades importantes e que se teñen que facer, é certo: seguemos decindo que se teñen que facer, pero xestionadas por outras vías; claro que volvemos a decir o mesmo: iso da traballo, ese tipo de xestións dan traballo, e o goberno local non está pola labor.

Dixo vostede respecto ó Plan Xeral que se vai a aprobar, é que xa non terían vostedes xustificación ningunha porque ata agora ian vendendo polas parroquias que o Plan Xeral non era o que quería o goberno de Baiona porque os da Xunta llo botan abaixo; se acabou ir de vítima, Sr.Alcalde, xa non ten xustificación; acabouse o victimismo neste Concello, agora terá que buscar outra disculpa.

Decía o Sr.Vilar "tamén vamos a resolver o tema do porto deportivo", pois a ver como o fan, en principio o que poden facer é obrigarlle ó empresario que ten o porto deportivo a retirar a exposición de iates ilegal que ten ahí, vendendo dende Semana Santa; poden empezar por ahí; agora non teñen atrancos en ningún sitio; obríguen vostedes a RONAUTICA a que retire, por estar en condicións ilegais, os iates que teñen en exposición no paseo marítimo, porque os que están enfrente e son empresarios pagan e teñen unha licenza, e RONAUTICA non paga un cán e ten unha exposición de iates de luxo en primeira liña de Baiona; e eu Sr.Vilar sei que está vostede dacordo connigo nesta cuestión pero hai que achantar porque manda quen manda e o sillón hai que conserválo.

Sr.Rodal, decirlle que os que deberan de probar as setas e alucinar deberon ser vostedes cando fixeron este orzamento; non sei se a seta era do alucine ou era comestible, non o sei, en todo caso poden probarla e despois comentarme porque a mín tamén me gustan.

E efectivamente nos deron vostedes os Orzamentos fai 9 ou 10 días, pero é tempo insuficiente para estudiálo a fondo; vostedes necesitaron moitos meses para preparálo e a nós nos dan 10 días; polo tanto non veña aínda por riba a presumir de que fai 10 días que nos deron o Orzamento; se acaso, a próxima vez, no lo dan un pouquiño antes.

Queremos manifestar para rematar que non estamos dacordo con este Orzamento e polo tanto vamos a votar en contra. Moitas grazas.

**SR.ALCALDE.**- O lúns, 7 días despois de darlle o Orzamento, na Comisión Informativa, dixo vostede que non o había nin leído, é decir, o estudiou en 4 días para este Pleno; evidentemente non é responsabilidade do equipo de goberno, é responsabilidade súa que non lle adica tempo ao que lle ten que adicar; ahí nós non podemos entrar; podemos darlle 4 meses pero se adica soamente 4 días a estudiálo pois lóxicamente non lle da tempo.

**SR.FERNANDEZ, BNG.**- Sr.Alcalde, eu lle dixen aquel día que non había leído todo o orzamento, pero sí había leído parte; pero por unha simple razón: é que nós non vivimos da política como vostede, entón necesitamos máis tempo porque temos máis cousas que facer, entre elas gañar diñeiro para mantér a nosa familia.

**SR.VILAR, CMÑ.**- Despois de escoitar a intervención do Sr.Estévez, do PSOE, eu non sei si eles teñen información privilexiada, supoño que sí, que vai haber outro Fondo de Inversión Local para o 2010; se así é, benvído sexa; esperemos que o Estado poida resistir todas estas inversións e que este tema non



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

faga "crack", se hai outro Fondo pola mesma cuantía non se preocupe que nós vamos a ter proxectos brillantes, proxectos que mellorarán Baiona.

Tamén falou doutro tema; vostedes creen que o tema da crisis se resolve facendo políticas sociais, de proteccionismo ata os traballadores; nós pensamos que o mellor favor que se lle pode facer a un traballador é creando emprego. Este é un tema complexo, é un debate que se está facendo a nivel de Estado e trasladalo a unha Corporación Local é complexo; é complexo porque nós non podemos ser responsables da situación económica de crisis que teñen as empresas; nós, ó fin e ó cabo, o que temos que facer é dar servizos ós nosos veciños, mellorarles a calidade de vida para facer que as empresas de Baiona non pechen, que sexa unha motivación atoparse cun pobo preparado, organizado, motivado para ser visitado; esa é a forma de crear emprego. As veces hai que facilitarlle ás persoas todo isto para que sexan eles os que dinamicen a economía.

En canto ó tema que vostede tamén tocou, con bastante sensibilidade, eu non dúbido que é vostede sensible ante os problemas sociais como penso que o é a maioría dos que estamos aquí, pero hai que esperar tamén ás decisións que tome a nova Xunta de Galicia, que creo que terá moito que dicir; ata agora, durante este ano, vivimos un período de incertidume, un período marcado por unhas eleccións autonómicas, había un Goberno que moitos problemas que tiña, eran 2 Gobernos en ún, cos graves problemas de paralización da vida política municipal, por exemplo o tema do Plan Xeral, nós estabamos por un lado coa Dirección Xeral de Urbanismo, por outro a Consellería de Vivenda con aqueles plans que facía supramunicipais, a Consellería de Medio Ambiente por outro lado; etc; isto creaba unha certa inseguridade á hora de sacar adiante un documento como ese, tanto o Plan Xeral, como o PEPCHAB. Espero que agora, ó cambiar esa situación, nos vexamos favorecidos, saquemos adiante os nosos proxectos e se cree emprego en Baiona, polo menos que se den as condicións para que a economía privada invirta en Baiona e teña a seguridade de que o que faga aquí conte con tódalas garantías xurídicas.

En canto ós temas de protección social repito que haberá que esperar un pouco á Xunta de Galicia; nós tamén somos sensible con ese tema.

En canto á capacidade de endeudamento do Concello, ¿endeudarnos máis?, bueno, será un análisis que haberá que facer con calma, sosiego, dende o punto de vista municipal e analizando calquer proposta que se presente por parte da oposición.

Me alegra que se absteñan porque significa que en parte están dacordo co noso Presuposto.

En canto á intervención do BNG, creo que se mantén na súa política do "non" e penso que esa non é a actitude máis positiva para colaborar nun Concello, máxime cando somos un Concello aberto; creo que o Sr.Fernández e eu coincidimos bastante nalgúns puntos, a mín me gustaría que nesta lexislatura se resolvera dunha vez por todas o tema do porto deportivo, posiblemente este sexa un tema que irá ligado ó Plan Xeral, pero esperemos tamén mantér relacións co novo Presidente de Portos de Galicia, esa é a vontade do Alcalde e do equipo de goberno, retomar o tema e resolvélo; é algo moi importante para Baiona, é un tema no que debemos estar todos implicados como estivemos ata a data, creo que neste tema non houbo moitas fisuras. A nosa intención é resolver ese problema; ben dentro do contexto do Plan Xeral ou ben dentro do contexto dunha modificación puntual. Espero que o Plan Xeral non se retrase moito tempo e poidamos resolver este problema que a todos nos preocupa.

Respecto a outros temas que citou vostede, ¿qué quer que lle diga?, vostede chámalle "cegos" ós seus correligionarios da zona; eu non cheguei a tanto; eu dixen, sen nomear, que nós temos unha serie de opcións, que procuramos funcionar, facer sempre os deberes e polo menos ter o Presuposto aprobado en tempo e forma (e sei que hai Concellos que nin siquiera o teñen) coas grandes dificultades colaterais que temos ao mellor a nivel de Mancomunidade, e coidado que non son temas sen importancia, estamos falando de maquinaria, de piscina mancomunada, da GRUMIR, de Protección Civil, estamos falando dunha serie de temas que posiblemente tamén teremos que mantér unha estratexia conxunta ante a Xunta de Galicia; eu son realista porque sei que eses temas son de interés xeral. Eu podo ter discrepancias con calquer grupo, pero ante os temas de interés xeral creo que temos que mantér a unidade, esa é a nosa liña.

En canto ó que decía dos traballadores; eu lles direi que o Presuposto pasou por unha Mesa de negociación cos traballadores, penso que non se desconoce isto, e se lles deixou clariño que calquer



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

mellora tiña que ir ligada á RPT; polo tanto eles son conscientes de que se vai a facer a RPT e están dacordo completamente en que así sexa, é decir, que hai un acordo mutuo entre os Sindicatos e eles a través dunha mesa de negociación convocada en tempo e forma; ¿qué mellor pacto que ese?, sentarse, negociar, e marcar as expectativas que haxa que marcar, e que son previas e obrigatorias a cada Presuposto.

Falou vostede aquí de lámparas, de favores políticos, supoño que calquera aquí fixo un “favor político” colocando unha bombilla a un veciño ou amigo, vostede fixo moitísimos, tantos que se o deixamos...., ata mandou a traballar unhas máquinas a destaxo alá a Baredo, coidado. E non creo que estemos iluminando os campos, aínda que non é malo, as veces pode ir alguén de noite.

Tamén falou vostede da inseguridade en Lorenzo de la Carrera; hai un proxecto, hai unha dirección técnica que leva esta obra e son os encargados da seguridade e hixiene da mesma; non obstante, eu falarei coa Dirección técnica responsable.

Segue vostede coa súa teima, pero é unha teima de sempre, de facer unha dicotomía entre parroquias e centro de Baiona; eu nunca falaría de parroquias por un lado, e de Baiona por outro; Baiona é un Concello o suficientemente reducido para que non existan esas diferencias, a vostede isto ten que quedarlle claro. Fíxese vostede: Sabarís e Baiona, que tradicionalmente eran dúas parroquias, dous núcleos, hoxe están unidas por un paseo litoral, están unidas por aceras, están unidas por todo o que representa a convivencia; penso que Baiona cada vez ten menos diferencias entre as parroquias porque é un núcleo no que está concentrada a poboación á beira da costa (eu espero que se suprima esa famosa Lei dos 500 metros dunha vez por todas), que é onde está asentada a poboación. Polo tanto penso que vostede segue cometendo un erro facendo sempre esa diferenciación, é como se vostede estivera interesado en facer ver que nós facemos unha política para Baiona e outra para as Parroquias, e iso é erróneo, mire cantos proxectos se fan en baiona e que disfrutan tódolos nenos de tódalas Parroquias, mire o campo do Aral e mire o Erizana con chavaliños de tódalas parroquias que veñen mentres os pais están aquí, ou no Pavillón de Deportes; ou cando vostede vai ó Mercado de Sabarís, é algo de todo o Concello, vai xente de todo o municipio. Xosé Enrique, esa diferenza é errónea e de verdade que me gustaría que te olvidaras dela, e que cando nós facemos unha inversión sepas que vai pensando en todo Baiona, eu te poño un exemplo: o saneamento de Sabarís pasa por Baiona; se fora ó revés ao mellor montabas unha pirula; hai que ser solidarios e defender o noso territorio como un todo; a depuradora de Baiona vai en Silleiro pero é depuradora para todo o Concello; a auga da presa de Bahiña vai para todo o Concello; creo que esta é unha visión que os políticos de Baiona non debemos olvidar: Baiona é un todo, e todo o que se faga en Baiona beneficia a todo o Concello.

En canto a este presuposto, repito que é un presuposto aberto, para iso están as Corporacións Municipais, se hai que tomar medidas de emerxencia, adaptálo, ou modifícalo, faráse; é un presuposto, non quer decir que vaia a ser a realidade; “presuposto” é unha previsión, e as previsións as veces se cumpren, as veces existen circunstancias externas que nos obrigan a cambiálo, ou veñe unha subvención da Xunta que nos obriga a facer unha aportación entón teremos que facer unha modificación de crédito, bueno, para iso estamos; e mentres estemos pouco endeudados vamos a ter sempre posibilidades de sacar isto adiante; iso é o importante e é a filosofía coa cal nós intentamos aprobar este presuposto, non como algo pechado senón como algo aberto a tódalas iniciativas.

Non obstante, vexo que éste foi dos debates presupostarios nos que máis coincidencia houbo, é curioso, non houbo moitas diferencias a pesar do voto negativo do BNG, cousa que nos congratula neste momento de crisis. Moitas grazas.

**SR.RODAL, PP.-** Dos matizaciónes; cuando se hablaba de la senda fluvial en Bahiña, obviamente se hizo por negociado porque es la Ley: es menor el importe de 200.000 euros; pero se ha hecho un negociado con criterio. Puedo recordarle que en Gondomar, y puede preguntarle a sus coleguillas, ó colegas, perdón, que todo el presupuesto de Fondos Estatales de financiación local han sido por negociados, han sido obras menores; criterio aquí sí lo hubo, allí no lo sé.

Finalizar diciendo que va a haber 2.600.000 euros en inversión, bien sea de forma directa ó no, y que todos los concejales de este grupo de gobierno, en este caso CMÑ y PP, estamos trabajando diariamente para que este Concello funcione como tiene que funcionar, y sobre todo el concejal de



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

Medio Rural; y usted, aunque ande por las Parroquias, debería a lo mejor ir aún más y así seguramente vería al concejal de Medio Rural todos los días trabajando por todas ellas.

**SR.ALCALDE.-** Gracias, Angel, brillante exposición. O primeiro que quero resaltar é o agradecemento a este gran equipo de goberno do cal estou orgulloso; levan 2 anos facendo un traballo día a día, tratando de facer xestión, e creo que son a envidia da provincia de Pontevedra; por isto agradecer que neste equipo, que somos 9, temos xente con experiencia, xente con máis presuposto, con menos presuposto, pero todos traballan de arreo tódolos días do ano sacando rendimento a calquer euro para obtér, ano a ano, unha maior eficacia do Presuposto.

Meu agradecemento, dende logo, o saben, porque estou orgulloso de todos eles; tamén estou orgulloso do equipo técnico que fixo posible este Presuposto, fundamentalmente ó equipo económico, tamén o xurídico, porque día a día plantexan iniciativas que son de agradecer; tamén saben que son respetadas por parte de todo o equipo de goberno, traballan para mellorar, que é o que queremos todos, os servizos do Concello de Baiona, os servizos que prestamos a tódolos cidadás.

A mín, como Alcalde, como representante, tamén me gustaría que a oposición poidera facer unha maior colaboración; sei que hai capacidade, que hai experiencia, e as veces o que se necesita simplemente é un empuxón, dende o punto de vista da motivación ata "crear", crear e crear.

O importante é o Concello, os cidadás de Baiona, que son os que nos puxeron aquí fai 2 anos, e que cada 4 anos nos evalúan e valoran o que estamos facendo.

Incluso me agrada facer unha modificación do funcionamento das Comisións e facer primeiro o Pleno e despois a Comisión Informativa, porque desgraciadamente se faláramos unha décima parte do que falamos no Pleno na Comisión seguramente este Presuposto sería todavía mellor, e dende aquí seguen os brazos abertos, a porta aberta dos nosos despachos, para poder melloralo; de verdade que sería para nós un gran honor e unha responsabilidade compartida, seguemos e o vamos a intentar.

Decir tamén que este presuposto é un presuposto realista, equilibrado, austero, é certo; é un presuposto que nos prepara non só para este ano senón para poder superar a crisis económica que según os especialistas vai durar máis de 2 ou 3 anos; non podemos empezar, como decía nalgún momento a oposición, a endebedarnos por enriba das nosas posibilidades, porque desgraciadamente vamos a ir máis alá de 2, 3 anos, e temos que estar preparados para chegar con tódolos recursos ás situacións máis difíciles que todavía nos poden agardar.

Pensamos que unha diminución determinada, concreta, dos impostos, pode ser boa; e dende logo que ten que haber inversións e utilízalas para mellorar ó noso pobo, e dicir que aínda que legalmente non se poda establecer en ningunha Base de concurso que a contratación teña que ser de persoas do propio Concello, nós o que estamos falando con tódalas empresas presentadas é que así o fagan; noutros lugares desgraciadamente non ocorre así e cando se vé que traballadores teñen esas empresas sabemos que non pertencen aos Concellos correspondentes, e incluso nin ó país, non son nin españoles. Somos sensibles neste tema dende o primer momento, entendemos que debe ser xente, a poder ser, do propio Concello, non porque non queiramos axudar a outros cidadás senón porque temos que priorizar, lóxicamente.

Conleva este Presuposto un obxectivo que queremos que sexa o fundamental, que é mantér, como mínimo, a calidade dos servizos que estamos dando ós veciños de Baiona, pero incluso neste ano difícil os vamos a incrementar; decía antes o Sr.Estévez que non era un presuposto social nin educativo, vou a darlle un exemplo: temos varios cursos de formación en marcha dende a Concellería de Comercio, para tratar de aumentar a formación da xente de Baiona para que poda aspirar a un emprego. Tamén dí que non é un presuposto educativo; decirlle que estamos colaborando coa Xunta de Galicia facendo actividades extraescolares por primeira vez no Concello, clases de inglés, clases para xente con dificultades de aproveitamento, pese a que non é algo que sexa un servizo dos Concellos senón que é da Consellería de Educación entendemos que a educación, igual que a protección social, debe ser un elemento básico de tódalas Administracións, e nós, dentro do que podemos, dentro da nosa humilde capacidade, debemos intentálo.

Gracias a todos por un debate organizado e con razoamentos, e repito que estamos abertos a que entre todos poidamos construír unha Baiona mellor e que poidamos presentar ós nosos veciños os mellores resultados.





**EXCMO. CONCELO**

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

**Se da conta da seguinte:**

### **MEMORIA DA ALCADÍA**

#### **INTRODUCCIÓN.**

Neste ano 2009, estamos a atravesar unha situación de crise económica con aumento da taxa de desemprego e situacións de peche de empresas, non só nas pequenas e medianas, senón tamén noutras que exceden do noso ámbito municipal

Estes problemas tamén afectan ao Concello de Baiona, que viu recortados os seus ingresos de forma importante fronte a exercicios precedentes, por iso este ano 2009 supón un reto para este equipo de goberno, e este é garantir a todos os veciños de Baiona a prestación axeitada dos servizos públicos, sen mingua respecto a anos anteriores, pero sen que iso supoña un incremento do nivel de endebedamento do Concello.

Así, este Presuposto pode dicirse que se configura baixo unhas liñas esenciais:

- Aumentar as bonificacións nos impostos municipais de cara a aqueles colectivos máis desfavorecidos, actuación xa iniciada en 2008, coa aprobación, entre outras, de bonificacións no IBI para as familias numerosas.
- Contribuír a aliviar a situación dos pequenos empresarios, nun momento actual de carencia de liquidez, actuación levada a cabo recentemente coa aprobación dun expediente de recoñecemento extraxudicial de facturas pendentes de pagamento de anos anteriores.
- Seguir intensificando, como en anos anteriores, o control sobre o gasto público, situación que permitiu en 2008 diminuír o gasto corrente nun 10% fronte a 2007
- Aprobar na Relación de Postos de Traballo, que permita establecer as necesidades do Concello en materia de persoal, e unha mellora das condicións de traballo, co fin último de asegurar unha correcta prestación dos servizos de competencia municipal.

#### **INGRESOS**

A diminución, por primeira vez en anos, dos ingresos percibidos a través da participación nos Tributos do Estado, unha das fontes de financiamento máis importantes, non vai afectar ao funcionamento dos servizos públicos municipais, e así tratarase de suplir esta carencia cunha maior achega de subvencións da Xunta de Galicia, recibida ata a data.

#### **GASTOS**

Este Orzamento recolle unha diminución importante do gasto corrente, co fin de non incorrer en situacións de déficit presupostario, controlando o gasto público, pero sen esquecer necesidades novas, así recóllese unha partida destinada á realización do estudo de viabilidade económica para a construción dunha piscina en Os Tendais.

#### **PERSOAL**

O ano 2008 foi un ano importante de cara ao capítulo de persoal, creando novas prazas e asumindo a Oferta de Emprego Público máis importante dos derradeiros anos. Este ano a continua con esa liña creando prazas de persoal funcionario e laboral fixo, que se considera responden ás necesidades organizativas do Concello.

Nun ano marcado polo aumento das taxas de desemprego cabe sinalar que se mantén a contratación de persoal laboral temporal destinado a servizos varios, co que se contribuirá a crear emprego no Concello de Baiona. A este obxectivo tamén contribuíu o Fondo Estatal de Inversión Local, coas obras da cal se contratarán máis dunha vintena de traballadores desempregados.



EXCMO. CONCELO

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

Mantense a dotación prevista non Orzamento de 2008 para a elaboración dá Relación de postos de Traballo que determine e valore os postos necesarios neste Concello, e que espera sexa aprobada neste exercicio. Con ese obxectivo créase unha partida en Presupuessto de 2009 dotada con preto de 30.000 € e destinada á regularización dos complementos específicos dos postos de traballo, unha vez sexa aprobada a relación de postos de traballo.

Para rematar sinalar que continuaremos ás negociacións iniciadas para a aprobación dun novo Convenio Colectivo que mellorará ás condicións sociais e económicas dós traballadores, despois de dez anos de aprobarse o último.

### INVESTIMENTOS

Neste Orzamento prévese a realización de inversións polo importe de 348.971,58 €, financiadas cunha operación de crédito polo importe de 240.118,33 €. Debe destacarse que o nivel de endeudamento do Concello é moi baixo, cerca dó **17% dous** recursos derivados dá liquidación do exercicio anterior, ou que permite acudir ou endeudamento como fórmula de financiamento. Pero ademais cumpre sinalar que parte desas inversións se financian con fondos propios, o que supón que o Concello só endebedase o estritamente necesario e así está situado entre os municipios da provincia de Pontevedra de 10.000 a 20.000 habitantes menos endebedados.

Por outro lado sinalar que ademais están en execución, segundo o Estado que se achega o Orzamento, inversións por valor de 2.668.341,80 €.

Ademais ao longo deste ano licitarase a concesión de obra pública para a execución dun centro cívico e deportivo en Sabaris, co fin de aumentar a dotación de infraestruturas deportivas demandadas polos veciños.

### CONCLUSION

Este Orzamento caracterízase pola contención de gasto público, pero sen que por iso perda o carácter social e educativo, dado que manteñen os presupostos de ambos os dous servizos en termos similares a 2008. Ademais lévanse a cabo investimentos importantes como o aumento da iluminación en diversas zonas do termo municipal, a mellora da sinalización das vías municipais e o acondicionamento de instalacións municipais, como o Auditorio, ou o Centro de Formación Abobriga e iso de xeito conxunto co esforzo realizado en materia de persoal.

### PROPOSTA DE ACORDO

O obxecto de poder atender ás diversas obrigas de competencia municipal e dado que o Orzamento elaborese con observancia das prescricións legais e regulamentarias relativas o mesmo, propoño o Pleno a **APROBACIÓN** do:

- Orzamento Xeral do Concello de Baiona para ou exercicio 2009, por importe de 7.714.662,77 €
- Dás Bases de Execución do Orzamento Xeral do Concello de Baiona para ou ano 2009
- Do Plan de Investimentos para 2009
- Do persoal de funcionarios, a relación de postos de traballo e ás súas modificacións, e o cadro de persoal laboral.
- Dá solicitude dunha operación de crédito polo importe de **240.118,33 €** coas condicións económicas fixadas nas Bases de Execución.

**Sometida polo Sr. Alcalde a votación, resultan: votos a favor, 9 (8,PP, 1,CMÑ), votos en contra, 1,BNG; producíndose 6 abstencións, PSOE.**



**EXCMO. CONCELLO**  
DE  
**BAIONA**  
(PONTEVEDRA)

**Polo cal o Pleno, por maioría, ACORDA a APROBACIÓN do:**

- **Orzamento Xeral do Concello de Baiona para ou exercicio 2009, por importe de 7.714.662,77 €**
- **Dás Bases de Execución do Orzamento Xeral do Concello de Baiona para ou ano 2009**
- **Do Plan de Investimentos para 2009**
- **Do persoal de funcionarios, a relación de postos de traballo e ás súas modificacións, e o cadro de persoal laboral.**
- **Dá solicitude dunha operación de crédito polo importe de 240.118,33 € coas condicións económicas fixadas nas Bases de Execución.**

---

E non habendo máis asuntos a tratar, polo Sr.Alcalde-Presidente levantouse a sesión, sendo as trece horas e vinte minutos do mesmo día, de todo-lo cal, como Secretaria, CERTIFICO.